

Escritores e axitadores da literatura e o xornalismo

Margarita Ledo Andi3n

Formas de citaci3n recomendadas

1 | Por referencia a esta publicaci3n electr3nica*

LEDO ANDI3N, MARGARITA. (2011 [1999]). “Escritores e axitadores da literatura e o xornalismo”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 6, 4. Reedici3n en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/654>>.

2 | Por referencia á publicaci3n orixinal

LEDO ANDI3N, MARGARITA (1999). “Escritores e axitadores da literatura e o xornalismo”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 6, 4.

* Edici3n dispoñíbel desde o 20 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizaci3ns pertinentes cando así o demanda a lexislaci3n sobre dereitos de autor. En relaci3n coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edici3n orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboraci3n de autores e editores.



Escritores e Axitadores: da Literatura ao Xornalismo

Margarita Ledo Andión

Escritora, xornalista e catedrática da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela

Xa é do común considerar a un suxeito colectivo que nomeamos “escritores en lingua galega” como o que mellor representa a Modernidade en Galicia, como xeración literario-política, a das Irmandades, ou o grupo Nós, pola súa vontade de intervención social, creando barullos, constituíndose nun arquetipo de artista-organizador e de produtor editorial que ben podería ser modelo para os ensaios de Walter Benjamin. E tal que outras figuras que encetan o século, tiveron que optar. Porque o século, o mal de amores do século, foi a imposible relación entre o diferente en tanto que diferente. Por iso neste 17 de Maio discutiremos o papel dun xornalista, Roberto Blanco Torres, no que se conxugan parte das constantes da xeración da Modernidade entre as que se contan a consciencia do papel da comunicación. Porén, restan outros esgos que Blanco Torres tende a neutralizar en si propio a partir da década dos trinta, cando cómpre dar un paso adiante, preferindo o camiño da República española en curto que o da Galicia soberana, é dicir, con capacidade para instituírse como nación. Foi un paso que deron os do skol, os intelectuais máis significativos desa mesma xeración, e quizais por iso esteamos hoxe a nos lembrar de Blanco Torres, xunto con outros xornalistas asasinados no 1936 que non mereceron o recordo da RAG.

Para tratar desa xeración e para achegala ao noso tempo, en cómo influíu o noso tempo e en qué aspectos, pola contra, a definen no tempo de seu, ímonos adentrar na cultura galega a traveso de liñas paralelas. Unha delas terá que ver coa mancha de siglas que arrastran canda si a palabra “cultura” e que adoito non conducen para as institucións e para a lista de homes con nome que nutren Patronatos, o cuarto escuro para a vixilancia e o control, e cuxas profesións esvaen directamente dos consellos de administración bancarios, empresariais e tamén institucionais como a propia Academia que conmemora e decide cada ano a quen conmemorar polo “Día das Letras Galegas”.

A outra liña, que vai en paralelo e que quere traer para a nosa memoria e para o maxín, discorreu a penas sen luír na devandita. Vén de muito máis lonxe e ten fragmentos –aínda- soterrados na historia, na guerra, no exilio ou na resistencia. É unha liña clara que parte da Renascenza e que foi a que convocou a Modernidade para a cultura como parte constitutiva da sociedade galega.

Cos seus heroes problemáticos a construír relacións de identidade co tempo e coas condicións materiais e de pensamento que configuraron ese tempo, é unha liña que sobrancea pola idea do público, do espacio público como inexcusábel –ademais do das asociacións, os clubs e os salóns; ademais do espacio balnear de Mondariz ou Cuntis ao que andivo vencellado Blanco Torres-, e que apesenta como gran realización o ter acertado na tarefa de construír un público concreto ao que se dirixir facendo da cultura un espacio de intercambio, de expectativas e de produción material: exposicións, periódicos, editoriais, teatro, grupos corais, Castelao facendo de pastor protestante en *Miss Ledy*, a primeira película galega de argumento, xusto no ano en que pode datarse, entre outros anos, o comén do século, no 1914.

Son os renovadores no ámeto artístico, son avanguardistas como Manuel Antonio, son o suxeito organizador que produz modernidade por ser, pola súa vez, un produto da modernidade, é dicir, un produto do século XX. Ata a guerra civil. Son o pre-existente, o modelo que nos anos cincuenta se retomará.

Dicía ao encetar este texto que ese real-activo “escritores en lingua galega” é unha das mellores representacións deste proceso na historia e foi quen de pasar da literatura ao xornalismo, precisamente ao xornalismo, e foi quen de se axuntar no chamado “Partido dos escritores” na II República, no Partido Galeguista coma conclusión do camiño iniciado en 1916 coas “Irmandades da Fala”, o mesmo ano en que se congregan os primeiros dadaís-



tas no Cabaret Voltaire, en Zurich, a ben poucos pasos da ruela do Espello onde está a casa no exilio de Vladimir Illich Illianov, Lenín.

Non pertenceu Blanco Torres ao Partido Galeguista e a súa militancia foi indo dende a ORGA casarista para Izquierda Republicana. Pero as súas posicións –voto para as mulleres, separación Igrexa/Estado, non á emigración, intervención no Teatro Alcázar de Madrid a favor do Estatuto de Autonomía...- coinciden coas do galeguismo progresista da época e nunha herdanza que reparcerá, digamos que no grupo “Brais Pinto” (Madrid, 1956), e a resultas da que se incorpora o marxismo nas formacións políticas do nacionalismo nos anos sesenta.

A creba cualitativa que se produz no 1936, todo o que algures ficou encrequeado, o galeguismo como opción política diferente, como construción independente de pensamento e de planeamento, como lugar plural, tan plural como poidan selo as figuras de Otero Pedrayo e de Víctor Casas, o director de *A Nosa Terra*, asasinado a 12 de novembro, resúmese nos na carta de despedida para o arquitecto vigués Gómez Román dende o cárcere de Pontevedra, con data do día dous: “*Pídlle a vostede e a todos que no intre do trunfo e da liquidación do sucedido (do movemento criminal) non esquezan os culpaveis. Confío en que seguirán traballando pola Terra encamiñándoa xa polos vieiros da súa liberación definitiva. Reorganicen o Partido, e xa craramente, pois non pode ser dúbida para ninguén, cun matiz netamente esquerdistista dentro das esenciais vivas da personalidade de Galicia...*”

A carta cítase sen reescrebela na norma actual.